

1 D E C E M B R O D O 2 0 0 5 - N Ú M E R O 5 9 6

**rdl**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**Roberto Vidal Bolaño**





# Vidal Bolaño

## O home que veu de cerca

Aínda que Roberto Vidal Bolaño morreu hai tres anos, a súa sombra non deixa de agrandarse co paso do tempo. A súa figura, a súa obra e, sobre todo, o seu papel como un dos principais impulsores e ideólogos do teatro galego. Revista das Letras súmase aos recordos que Galicia lle tributou estes últimos meses –e que incluíu a exitosa representación polas rúas de Compostela da súa emblemática ‘Doentes’– para facer un pequeno percorrido pola súa historia. Manuel Quintáns –un dos especialistas no estudo do seu teatro–, Antón Dobao –colaborador estreito de Bolaño no seu traballo audiovisual– e Rubén Ruibal –compañeiro de proxectos e discípulo da súa dramaturxia– desenvolven nestas páxinas as múltiples vertentes que este inconformista creador luíu ao longo da vida.

Os estudosos do teatro galego prefiren situar a Roberto Vidal Bolaño como un dos primeiros promotores dun teatro profesional galego. Sendo isto certo, esquecése con frecuencia o seu papel como creador, estimulador e loitador por un teatro nacional galego, ben que el preferira, neste sentido, falar dun teatro popular

# V.B. e o Teatro Nacional Galego

## Da teoría á práctica dun creador total

Manuel Quintáns

A idea de Roberto Vidal Bolaño, compartida por boa parte dos compoñentes da súa xeración, dun teatro nacional galego tivo de afianzarse, precisamente, no seu descubrimento desta ideoloxía. Como confesou el mesmo, referíndose ao movemento 'Abrente', "a ilusión da nosa maioría de idade, [a maioría de idade dos homes e mulleres que fixeron posible o milagre de 'Abrente'], non chegaría ata que se apoderou de nós a sospeita de que o nacionalismo de esquerdas estaba a inventar grupos de teatro para, ademais de ternos xa a moitos de nós do seu lado, lado do que moitos estiveramos sempre ao noso xeito, ter palabra e voto alí onde se cociñaban as cousas e participar polo tanto na construción daquel incipiente teatro galego, dende a planificación mesma dos seus perfís organizativos e ideolóxicos".

Este teatro tiña de ser, na concepción de Vidal Bolaño, un medio de comunicación reivindicativo da condición humana, defensor da liberdade e doutros dereitos; pero tamén un fenómeno estético e unha forma de expresión da cultura na que ten de afondar obrigadamente as súas raíces. Co seu estilo característico, insistía nun dos seus últimos escritos: "Botamos anos discutindo sobre a nosa razón de ser mesma, sobre aquela primeira que nos xustificaría, seica, diante do Mundo e diante da historia. Foron moi poucas as horas que lle roubamos ao noso tempo para a reformulación de qué teatro queríamos facer, dende qué enunciados estéticos, asentándonos en qué tradicións... O máis ao que

chegamos foi a asumir como común o noso anxeio por facer un teatro popular, aínda que non todos entenderamos o mesmo por aquilo."

Sobre esta cuestión, Vidal Bolaño ten insistido en moitas ocasións. Poucas, porén, coa claridade con que o fai na mesa redonda sobre a *Situación e circunstancias do teatro galego actual*, celebrada na Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, no mes de Maio do 1998. A súa intervención constitúe un verdadeiro manifesto sobre o que, dende o seu punto de vista, é e debe ser un teatro popular galego. Reproducimos literalmente as súas palabras: "...neses cincuenta espectáculos que eu dixen esta mañá que máis ou menos se viñan producindo por ano [en Galicia], danse tódolos excesos e tódalas medidas. É dicir, danse por un lado, os excesos, é dicir traballos absolutamente elitistas dirixidos máis a conseguir críticas nas que se diga que se está na vangarda do teatro universal e que, efectivamente, teñen dez ou doce espectadores (entre outras cousas porque soen non ser tal vangarda, soen responder máis a ignorancia con respecto ao pasado de quen os fan, que a ser de verdade vangarda de nada), ou danse os excesos polo lado contrario: un teatro que busca gaba-las máis baixas paixóns do público e que ten unha vocación absolutamente populista. Polo medio hai todas as demais opcións que se poden dar. Sucede que algunhas das vangardas do teatro europeo deste século tiñan por obxectivo devolverlle ao pobo un valor patrimonial en determinados momentos como era





o teatro, entón iso segue aínda sendo unha vangarda fundamentalmente de tres maneiras. Hai unha definición de Augusto Boal de qué é teatro popular, que logo retoma Peter Brook, que eu creo que en Galicia se esté exercendo e con certa coherencia teatro popular é, por un lado, aquel que asume como propios os valores e os intereses da cultura popular para xerar un produto que non necesariamente ten que ser popular, simplemente, un produto que se dirixe a elites, pero asumindo a defensa de valores populares. Hai outra forma, que é facer un teatro popular que ademais teña capacidade comunicativa con públicos pouco afeitos a ver teatro ou públicos inmersos nesa propia cultura popular. E hai outro teatro que é aquel que o propio pobo fai, que a propia cultura popular xera. Esas tres estanse dando dunha maneira ou doutra en Galicia con maior ou menor fortuna”.

Detrás de tales proxectos, estaba unha vida definida pola súa devoción como home de teatro, lectura, observación e ó traballo como autor, adaptador, director, empresario, actor... Vidal Bolaño lía moito, con preferencia todo o que tivera que ver co mundo do teatro, do cine e da televisión; pero, sobre todo, observaba, escoitaba e dialogaba. Gran conversador e polemista incansable, non renunciaba nunca á oportunidade de reflexionar as súas propias ideas en alta voz, de pasalas polo crisol do debate, da confrontación con modos de pensar diferentes, contrarios, incluso abertamente impermeables a calquera posición que non fora a propia. As súas tertulias, cun pitillo acendido na boca, sentado fronte a unha botella de cervexa, constituían o centro da súa vida, a imaxe máis expresiva do seu modo particular de manifestar unha fonda necesidade de comunicación

cos demais. Dalgún xeito, o escenario do teatro, dende o que fixo falar e actuar os máis variados personaxes do seu propio universo, espidos e transparentes, non foi para Roberto Vidal Bolaño outra cousa que a amplificación retórica das súas apaixonadas tertulias.

Parapetado detrás das lecturas de Otero Pedrayo, Valle-Inclán, Bertolt Brecht, Jarry, Ionesco, Strimberg..., e do seu coñecemento, demorado e reflexivo, do mundo do cine, pero, sobre todo, mergullado nunha vivencia intensa, e ata devota, da cultura popular galega, nun fondo compromiso co futuro dun teatro nacional ou popular galego e de Galicia, facía das noites motivos de encontros dialécticos e dos días tempo para a creación e os soños.

Cineasta frustrado –as circunstancias non lle permitiron facer realidade o seu primeiro e apaixonado proxecto de estudar cinematografía–, consagrou, no sentido máis rigoroso desta palabra, toda a súa vida ó mundo do teatro. Convencido como estivo sempre de que a vida non é máis que a representación hipócrita do que nos gustaría que os outros viran en nós, viu no teatro a posibilidade da representación da súa verdade, de ofrecer a verdadeira imaxe da realidade que, inutilmente, nos empeñamos en disimular detrás das máis ridículas aparencias. Por dicilo da maneira máis clara e sinxela posible: Roberto Vidal Bolaño substitúe no escenario o teatro da vida, no que todos, dun xeito máis ou menos consciente, somos actores, pola vida mesma.

Sempre, claro, na liña de lograr un teatro popular ou nacional no que tódolos galegos nos puideramos ver a nós mesmos intentando inutilmente disimular detrás da máscara con que nos disfrazamos o autor dramático as nosas propias miserias e hipocrísias.






Non había maneira de desligar a súa figura desafiante e ao tempo de humilde inclinación do que na memoria case adolescente se me insculpira como imaxe dun xigante de cartón que ocupaba o escenario na montaxe do *Percival*. Non era aquela adaptación teatral sorprendente o meu primeiro contacto coa obra de Roberto Vidal Bolaño. Anos antes, en Lugo, xa me aloulara a montaxe do *Laudamuco*. Entre o punzón do absurdo e a ousadía de transformar en espectáculo teatral os contos de Ferrín, intuín que o teatro galego existía. Sen o saber, quizais asistía ao

# Fóra de Lugar

Antón Dobao



encofrado de tan complexo e contraditorio edificio simbólico.

Paseaba Compostela, chapeu colado ás guedellas, orientándose por algún estraño sentido se cadra descuberto casualmente ao sufrir a condición de asalariado nalgunha oficina bancaria. A súa figura tiña propensión a rexeitar a verticalidade posiblemente por mor da carga dunha vontade extrema, consecuencia de que nalgún lugar da súa procura vital lle sobreveu a capacidade de comprender que a nación galega sería tal cando o edificio do seu teatro nacional tivese o ramo posto. Lembrárono hai uns días Manolo Lourenzo. E máis aínda, cando a Galicia soñada, esa que dá orixe aos proxectos colectivos máis dignos de ser amados, tivese a ben contarse en imaxes. Porque Roberto, como el ten dito máis dunha vez, desexou ser director de cine. Ou sexa, tivo tal proxecto.

Roberto Vidal Bolaño habita hoxe o pazo máis seguro para o recoñecemento, o respecto, a admiración e a empatía coa súa figura e a súa obra: a morte. Vai ter que ser ela quen lle outorgue o seu lugar exacto no campo literario galego, porque Roberto é un dos máis importantes autores teatrais da Europa do último cuarto do século XX. Dixérono os que tiñan máis coñecemento ca min, que ao cabo estou fóra de lugar no campo teatral galego quitadas certas ocasións críticas nas que aparezo como unha pantasma sometida a esconxuro. Algo fóra de sitio tamén andaba Roberto, que xa ía farto de gañar sempre o Premio María Casares á mellor iluminación; intuía talvez que ese era o aprecio que algúns sectores do teatro galego lle tiñan. Certo inconsciente colectivo igual non lle engulía ben aquela súa teima en que teatro e lingua galega fosen inseparables. Igual.

A Roberto Vidal Bolaño débemoslle a construción dun teatro nacional, moitas veces contra a inercia e a falta de compromiso de parte do propio sector. Máis mérito ten o seu periplo vital, a súa convicción de que era posible e necesario. Tan forte era ese empeño que o día mesmo da súa morte o daquela Conselleiro de Cultura facía para algunha emisora de radio as habituais declaracións. O subconsciente enganouno; definiu a Roberto como o artífice dun teatro nacional... e aí corrixiu o adxectivo a medio pronunciar, trasacordou e dixo teatro galego.

Nos tempos en que a representación suplanta a realidade, a verdadeira arte tenta restituír esta

en toda a súa crueldade, na súa impureza, para transformala. Roberto nunca quixo ser escritor. Ese é un relato que en parte el mesmo representou por culpa dunha mal maquillada humildade que lle inclinaba o lombo rendido á atracción da derrota da terra. É posible que o campo teatral lle esixise un discurso de fidelidade sen fisuras, non o sei. O caso é que, como todo creador con conciencia da súa obra, Roberto nunca renunciou a ese gramo de vaidade necesario para impugnar a representación cunha prospección crúa do oculto da existencia, a única realidade que, como a multitude, se revela sempre irrepresentable. Esa é a gran procura, ás veces tortuosa, do creador. Non é misión divina, senón humana. Roberto sabíase dono dunha condición de escritor aparelhada ao seu recoñecido talento de iluminador de espectáculos teatrais. Ao remate dun deles, a noite que estreou *Sen ir máis lonxe*, contábame cunha cervexa na man que nunha historia da literatura galega que se acababa de publicar o seu nome non aparecía. Non é que non houbera dramaturgos no manual, é que el non estaba. Cousas dunha rara visión do canon literario, de como se constrúe e de quen o clasifica. Coma tantos escritores, Roberto reaccionaba cunha mestura de vaidade e humildade. Naquel corpo imponente, sobresaían a humildade e unha dozura que lle velaba os ollos. Abondaba con mirarlles o contorno húmido, encarnado, para comprender que a dozura era a súa verdadeira armadura. Naquela ocasión, a humildade escandalizábalos porque a súa adaptación do Percival do seu amigo Ferrín non merecera a honra do ensaio de canon literario perdurable que proxectaba ser aquel manual. Coma se o canon non estivese sometido á alteración, a ser revirado, a saltar polos aires feito cachizos, á propia vontade dos autores de ocuparen espazos de privilexio no campo literario. Roberto Vidal Bolaño, hai que recoñecelo, non posuía esa vontade. Ou quizais non tiña tempo. Ou aquel do que dispuña prefería consumilo no teatro, nas montaxes da súa compañía, escribindo, ensaiando, vivindo.

Con todo e iso, Roberto sabíase un escritor non ignorado polo público. El mesmo dicía que polos seus espectáculos pasaba máis xente que lectores podía ter o escritor máis lido. Era unha verdade con trampa, sabémolo tan ben como o sabía el. Pero con trampa ou non, verdade era. Como escritor, deixounos unha inmensa obra dramática dificilmente superable. Agora quedanos responderlle cun mínimo da xenerosidade que el empeñou. Urxe unha edición das súas obras completas. É o noso autor dramático fundamental, insubstituíble. O campo literario galego non pode prescindir del como tampouco a literatura española non pode prescindir do Valle-Inclán dramaturgo.

Roberto nunca planeara ser escritor nin dramaturgo nin actor nin nada parecido. O seu desexo camiñara outros vieiros. Lembrábalos cando tiña ocasión: sempre quixera ser director de cine. Ese desexo, que o asaltou ata a morte, era aínda máis utópico ca o de levantar a arquitectura feble pero perdurable do teatro nacional. Utópico, digo, non quimérico. Para Roberto era unha utopía tan posible como necesaria o proxecto dun campo audiovisual que non renunciase á identidade, a expresarse na propia lingua, á normalidade. El era deses imprescindibles que descubren a utopía ao seu carón, materializable, realizable. O eivado audiovisual galego non só ignorou a existencia de Roberto Vidal Bolaño, senón que pulou por pexar todos os seus proxectos, por convencelo de que o seu soño era unha quimera. El sabía que non, que tamén estamos capacitados para contar e contarnos en imaxes, que necesitamos facelo. Por desgraza, o audiovisual galego non soubo nin quixo aproveitar os seus disparos creativos. Como el mesmo ten

manifestado ben de veces, nunca o convidaron a escribir un guión. Era normal esa ignorancia; o audiovisual galego hexemónico nace como antiproxecto, como un negocio privado alicerzado nunha renuncia orgánica e fachendosa a Galicia, á identidade e á cultura, aos nosos mellores talentos creativos, á canteira de actores que Roberto contribuíu a explorar, á propia lingua. No audiovisual galego, concibido con materiais ben diferentes, Roberto tamén estaba fóra de lugar. A súa participación máis intensa deuse co proxecto da TVG *Un Mundo de Historias*, consistente en casar os campos audiovisual e literario. Esa colaboración foi minguada pola enfermidade e esgazada pola morte. Roberto asumíuna co degaro dun mozo que encomeza. Foi guionista e actor e traballou tamén no equipo de desenvolvemento. O que ata hoxe foi e o que chegue a ser o proxecto *Un Mundo de Historias* non se poderá entender nunca sen a figura de Roberto Vidal Bolaño, síntese desa relación entre o audiovisual e o campo literario, máis soñada aínda que real.

A morte de Roberto encolleunos un 11 de setembro. Algo de absurda violencia nese horrible día nos forzou a colocar cabo da súa figura a de Salvador Allende. Quizais porque ambos, na distancia espacial e histórica, tiñan en común a determinación de lle daren sentido ao absurdo existencial con un diluírse creativamente nas entrañas da multitude, na banda imperfecta dos desposuídos, dos desherdados, do futuro. Non quero comparar as dúas figuras, tan distantes ao cabo; a grandeza de ambos ruborizaríase. Mais para alén da coincidencia mortal, son aquelas miradas limpas, doces, as que nos emparentan na memoria. Un, coñecido a distancia; o outro, amigo e cómplice dalgún soño, dalgún desexo, de necesidades e proxectos. Allende agochaba a dozura da súa mirada tras unhas lentes de pasta que lle inxectaron a forza necesaria para se entregar á causa dos traballadores, que era a súa e a do futuro. Roberto tiña a máscara, a personaxe, a súa ironía, un mal carácter tan ficticio como eficaz, o nariz encarnado e o pucho cos que quixo rirse da propia morte. El tamén se diluíu na multitude, no corazón encarnado dos desposuídos, o único que pode alentar o proxecto dunha Galicia ceibe. Esa era a causa na que estivo presente. E segue estando. Porque Roberto era, por riba doutra cousa, a mirada máis tenra.

A expresión literaria de Roberto Vidal Bolaño é impura. É unha marca inevitablemente unida a todo o seu curso creativo. A síntese entre esa impureza, materia real, e a tenrura da súa mirada fai del un dos nosos grandes autores. Esa mirada doce tivo o don xenial de traspasar a imperfección do real e desvelarnos o seu núcleo exacto, o punto en que se concibe toda esperanza. A obra de Roberto Vidal Bolaño non é representación; é a realidade traspasada. E con todo e iso, o maior goce para os que o coñecemos foi poder compartir esa habilidade penetrante. A súa humanidade. Unha amizade que nin o tempo nin a morte saben borrar.



# Desgrazas

Rubén Ruibal

Este texto responde a unha demanda de reseña biográfica. Pero se o lector quere realmente coñecer algo sobre a vida de Roberto Vidal Bolaño o mellor que pode facer é deixar estes papeis e poñerse a buscar os seus textos. Algúns deles poden atoparse polos andeis das librerías; outros acumúlanse en almacéns institucionais, dando así por malamente cumpridas as bases dos premios que gañaron e que supuñan a súa edición pero non a necesaria distribución; e outros, con aínda peor fortuna nestes tempos de repetición obsesiva de mensaxes baleiras, son papeis soltos metidos nun caixón ou esperan o momento de ser libro ou espectáculo conservados en soporte informático. Unha desgraza.

Calquera desas lecturas desvelará máis sobre Roberto que moitos prólogos, epílogos e artigos incluídos nos seus libros. Pero nas páxinas previas á edición en castelán de *As Actas Escuras* –publicada pola editorial Hiru– pode un atopar un preciso esbozo, firmado polo propio autor, arredor dos motivos polos que escribía, e con datos biográficos entre liñas. Estas recomendacións de lectura veñen obrigadas polo feito de que ás representacións sobre textos de Roberto Vidal Bolaño está aínda máis complicado acceder. Isto é así, supoño, porque neste país os directores e as compañías, privadas ou institucionais, deben andar empeñados en facer un currículum con música e universalidade e, polo que se ve e se escoita, vende máis poñer que se montou un texto de John Kennedy O'Toole que un de Roberto Vidal Bolaño, aínda que ambos

sexan coñecidos polo nome completo e, por desgraza, concedan esa grande liberdade derivada do feito de que xa non poden protestar polo que se fai –e, sobre todo, se desfai– dos seus escritos.

O lector afortunado que teña o texto antes citado –o prólogo de *Las Actas Oscuras*, inédito en galego, sospeito– entre as mans, empezará por descubrir, entre outras cousas moito máis interesantes, que no que Vidal Bolaño traballou toda a vida era en defender o dereito “a expresarnos a través de imaxes en movemento”. Sen máis. Quen busque na etimoloxía da palabra “teatro” vai encontrar poucas definicións mellores. Pero aí entran tamén a televisión, o cine ou, se un quere, o vídeo-arte, co que de seguro a súa obra gañaría hoxe máis apoio institucional.

Cando este home se nos foi a fumar Ducados eternamente para que por aquí siga chovendo, andáballes na cabeza un texto que levaba por título algo así como “A desgraza de ser de aquí ou que sería de Pucho Boedo se nacera en Cincinatti”. É probable que Roberto, con esas palabras, explicase mellor todo isto do que eu o estou facendo con tanta volta e reviravolta, e considero innecesario detallar de que trataría o espectáculo resultante. Si podo precisar que había de ser un monólogo musical. Pero ese texto ou ese espectáculo xa nunca van chegar. Outra desgracia.


A sorte que temos, mirando polo lado bo, é que vivimos nun país no que, aínda que se le pouco, dá para escribir moito. Este home, nos dez

anos que traballei con el, escribiu ou fixo quince espectáculos que van do musical ata o teatro histórico pasando polo disparate e a desgraza; así os definía el e así quixo rexistrar algún deles na Sociedade Xeral de Autores: “¿xénero?”, preguntáronlle, “desgraza”, respondeu el. Impedíronllo, sen ter en conta que nos arquivos desa casa hai rexistradas algunhas cousas baixo o epígrafe “esperpento”, que vén soando ben máis raro.

Se cadra con motivo dalgún centenario menos insistente que este quixotesco 2005, algunha compañía fóra de Teatro do Aquí –a que el e Belén Quintáns crearon– montará un texto seu, coa vantaxe para quen o faga de que ningún amigo ou familiar poderá estar perto dalí para tentar eliminar censuras, reexplicacións dos que se cren máis listos que o público, ou simples cercenacións por asumir a incapacidade para levar o escrito á escena –que dos tres vicios citados sería probablemente o menos condenable. E na SGAE permitirán rexistrar textos baixo o epígrafe “desgraza”.

Pero agardando ese día, e se queremos seguir mirando polo lado bo, aí nos quedan os seus escritos: nas librerías, nos almacéns e incluso nos caixóns da súa casa. E, raramente, nos escenarios. Haberá que esperar. Así como un desexa na vida cousas que cando levan tempo existindo poden parecer “o normal”, é probable que o teatro deste país soñase algunha vez con ter un Vidal Bolaño, pero aínda non acabou de decatarse, de asumilo, ou de desfrutalo.

**r d l** | 7  
Galicia Hoxe 01/12/05





**Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.**





8 DECEMBRO DO 2005 - NÚMERO 597

**rdl**

**REVISTA  
DAS  
LETRAS**



# ATTILA JÓZSEF

## O poeta nacional de Hungria





# Attila József

Attila József (1905-1937) está considerado como o poeta nacional de Hungría e un das voces máis persoais da poesía europea de entreguerras. Cando agora se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento, Revista das Letras publica unha tradución dalgúns dos seus poemas, seleccionados e postos en galego por Xosé Lois García. Home de impronta romántica e trágica existencia, depresivo e exultante, a obra de József conserva hoxe intacta a forza da súa palabra.



# O reencontro necesario

Xosé Lois García

**rcl** | 3  
Galicia Hoxe 08/12/05

Neste ano cúmprese o centenario do nacemento do poeta húngaro Attila József, nado o 11 de abril de 1905, nun dos barrios máis marxinais e pobres de Budapest, Ferencváros. Está considerado o poeta nacional de Hungría. Os que temos un paralelismo coas orixes e coas andainas deste poeta maldito, ou os que pasamos por lances de pobreza e que tivemos que nadar contracorrente, por ese caudaloso e turbio río da inxustiza social e mitigar as gadoupadas das dictaduras e tantas outras incompreensións, temos como espellismo de vida e horizonte de superación a Attila József.

Fillo dunha lavandeira romana e dun xaboreiro cingaro que abandonou a súa familia. Attila, xa de moi neno, dedicábase a roubar madeira e carbón da estación ferroviaria de Ferencváros para aquecer aquela humilde chouza familiar. Cando foi apañado pola policía esta declarouno orfo e enviouno de criado cuns labregos da meseta húngara para coidar dunha bandada de porcos. Foi rescatado por Borbala Pöcze, a súa nai, que se esforzou por envialo a unha escola de pago, mais cando Attila tiña 14 anos morre de cancro a súa proxenitora. Velaquí como seu fillo a lembra: "A miña nai era miúda e pronto morreu/ porque todas as lavadeiras morren pronto/ a carga facía tremer as súas pernas/ e a cabeza dóelles de pasar o ferro./ De tanto lavar as súas costas encurváronse/ eu non me decataba de que fora tan moza/ no seu soño levaba un limpo mandil".

Grazas a un tío seu volveu estudar e aos dezasete anos publica o seu primeiro poemario: *O mendigo da beleza*. En principio foi considerado un neno prodixio, mais esta opinión cambiou cando nun dos seus poemas nega a existencia de Deus e a igrexa ortodoxa o leva ao Tribunal Supremo no que é absolto. Con esta opinión chega á Universidade de Szeged e moi pronto é expulsado. O famoso poema de "non teño Deus, nin teño rei, nin pai nin nai" abastecerao de odios alleos. Mais Attila continua a súa loita en solitario e marcha a Viena para estudar naquela Universidade e paga a súa manutención vendendo xornais e converténdose en mozo de limpeza dunha academia húngara, aquí faise profesor particular e marcha a París para estudar na Sorbona, aquí coñece a Tristán Tzara e pronto regresa a Budapest.

Con todo este vai e vén, Attila József, vaise forxando nun gran poeta e comprometido coas causas máis silenciadas e segregadas coa súa clase. As angurias da clase proletaria de do campesiñado non eran exclusivas ao contorno húngaro. Nos seus poemas está presente esa solidariedade que ten con outros pobos en loita contra o capitalismo, como se pode mostrar nese poema dedicado a un labrego español. A partir de 1931 os seus poemas e outros escritos de compromiso cívico e popular son censurados polas clases dominantes por ter un carácter político. Evidentemente, o seu fervor revolucionario acompaña a aquela "pantasma que percorría Europa, o Comunismo", como dixo Marx. Attila afiliouse o clandestino Partido Comunista de Hungría. O seu radicalismo e odio contra os poderes fácticos foi tan desesperado que a facción máis sectaria deste partido o acusou de trotskista.

Attila era un socialista puro que non daba concesións a os seus inimigos de clase e súa furia revolucionaria contra o fascismo que tiña plans para ancautarse de Europa. "Axítanse os imperios capitalistas,/ rinchan seus cabeiros que desgarran

o mundo./ ¡Anda poesía, participa na loita de clases!/ ¡Irás ascendendo xunto á masa! Estes poemas tan fortes para os da súa clase e tan obscenos para o poder, advirten dun novo proceso cargado de conflitos e frustracións que aconteceron en Europa. Curiosamente os dirixentes do seu partido son cada vez máis partidarios de marxinalo. Non entenderon as súas consignas poéticas de axitación e, sobre todo, esa carga de dolor que el leva dentro de si. Os seguintes libros poéticos, *Noite de barrio* (1932), *Danza do oso* (1934) e *Moito doe* (1936), posúen esa forza inflexíbel da palabra poética xerminada da beleza, da depuración de dese simbolismo inédito que confirma a Attila József como un dos grandes poetas da contemporaneidade universal. Nestes tres poemarios é onde mais se deseña a grandeza simbiótica do grande intelectual e do ideólogo deste comunista errante e perseguido polos contrarios e polos seus. O gran poeta incomprendido, que despois da súa morte enalteceron á altura do fulgor dunha estrela.

Outra das grandes traxedias sufridas por Attila József foron os seus amoríos incomprendidos e un tanto alterados. Os seus biógrafos sinalan que se namoraba cunha facilidade que se convertía en fatalismo, neses seus amores non correspondidos. Do seu libro: *Flora, meu amor*, no que se reproducen vinte e tres poemas e corenta e cinco cartas que comezan o 18 de abril e finalizan o 3 de decembro de 1937, día do seu suicidio. Flora Kozmutza (1910-1995) forma xa parte dese amor errante e errado que Attila tivo por ela. Unha paixón louca, por parte do poeta, non correspondida por Flora. As andanzas desta co amigo e camarada comunista de Attila, outro dos grandes poetas húngaros contemporáneos, como foi Gyula Illyés (1902-1983), que en 1939 casou con Flora. Amores e desamores foron outra constante do sufrimento do poeta proletario. Martha Vágo e Judit Szántó foron outros amores emocionados e en desequilibrio, tal como se desprende deste verso: "¡Amádeme con vehemencia, escorrentade a miña dor".

A todo isto temos que sumar as súas intermitentes crises existenciais e neurolóxicas que sufriu desde esa súa transhumante vida de fuxir de quen o perseguía e abrir camiños por tortuosos horizontes. 1935 foi un ano cruel para Attila József, polas súas desesperadas depresións e pola pavorosa tolemia, pola que tivo que ser internado. Nesta ocasión escribiu: "Sinto como os meus ollos saltan da cabeza. Se me volvo tolo, por favor, non me fagan dano. Simplemente atráíanme coa súas maos tenras e fortes".

Demasiados problemas para un poeta que tratou de cabalgar por diversos e non andados camiños, foron os que cargaron de avatares ata coroar de soidade a este poeta mozo de trinta e dos anos que obsesionado co tren que pasaba polo barrio pobre e marxinado da súa nenez, escribiu: "O tren acendido de sol rodou/ ante a miña soleira indiferente./ Vaite,/ as pegadas dos teus pés/ xa non me fan dano". O 3 de decembro de 1937, lanzouse a un tren no pobo de Balatonszárszó, para entrar noutra dimensión de gloria e de fascinación para os que lemos seus poemas.



## Non son eu quen berra

Non son eu quen berra: é a terra que xeme.  
¡Coidadiño! ¡Coidadiño! ¡O demo toleou!  
Escóndete no fondo dun limpo manancial,  
apégate ao cristal dunha fiestra,  
ocúltate tras do lume dos diamantes,  
debaixo das pedras, entre os insectos,  
escóndete no pan saído do forno.  
Oh, ti, pobre, meu pobre.  
Co frescor das brétemas penetra na terra.  
Deixa de fundir o rostro en ti mesmo,  
só poderás lavalo noutro rostro.  
Sen a delgada aresta dunha argana  
serás mais grande que o eixo deste mundo.

Oh, máquinas, paxaros, frondes, estrelas,  
a nosa estéril mai berra poder parir.  
Estimado amigo, encariñado amigo,  
sexa terríbel ou marabilloso,  
non son eu quen berra, é a terra que xeme.

## Corazón tan puro

Non teño nin pai nin mai,  
non teño nin patria nin Deus,  
non teño nin berce nin sudario,  
non teño nin sombra de amor.

Fai tres días que non como  
nin sequera un puño de fabas.  
O poder de meus vinte anos  
véndollo ao mellor ofertante.

E se ninguén quere mercalo  
vendereillo ao propio demo.  
Roubarei, puro o corazón,  
e, se é preciso, matarei.

Serei apañado e despois aforcado.  
Na santa terra permanecerei  
e no meu precioso corazón  
medraralle herba fatal.

## O leñador

Corto a leña, e medra o fresco montón.  
O nó, renxendo, resplandece.  
Sobre as miñas quedellas cae xeadá  
e faime cóxegas na caluga.  
Corre o meu tempo sobre veludo.

En alto cume reluce gume de xeadá.  
Escintilean terra e ceo, ollos e fronte.  
Cimbra o albor, voan luces e estelas.  
Outro leñador, salaiando, axita o machado.  
Devastei a torada; só fican as ramas.

¡Vamos, bate ledamente na dura torada!  
Que a mais pequena estela non che meta medo.  
Se concertas o machadazo no seu debido punto,  
o señorial deserto ruxirá  
e o groso machado terá que sorrir.

## A miña nai

Colleu a cunca en súas maos  
un domingo polo serán,  
sorriu en silencio  
e sentouse un chisco en penumbra.

Nunha pequena marmita trouxo á casa  
a ración que lle deron os señores,  
e ao deitarnos eu pensei  
que eles comen a marmita enteira.

A miña mai era miúda, morreu cedo  
porque as lavadeiras morren cedo;  
tanta carga fai tremer as súas pernas  
e dóelles a cabeza de tanto pasar o ferro.

¡Qué paisaxe eses montóns de roupa sucia!  
E o vapor como un xogo de sosegado neboeiro.  
Para a lavandeira  
trocar de ar era marcharse para o faiado.

Ólloa, detense ao pasar o ferro,  
o capital esmendrellou a súa fráxil estatura  
cada vez mais delgada.  
¡Pensade en todo isto, proletarios!

De tanto lavar as súas costas arqueáronse.  
Eu non sabía que a miña mai era moza.  
En seu soño levaba un reluciente mandil,  
naquel tempo o carteiro a saudaba.



## Preto da cidade

Preto da cidade, onde vivo,  
ao derrubarse os crepúsculos,  
voa a ferruxe en brandas alas  
como pequenos morcegos  
solidifican con seu excremento  
forte e groso.

Este tempo chántase en nosas almas.  
E como espesos farrapos  
de fortes choivas  
lavan melado teito de lata,  
en van a tristura borra do noso corazón  
o que está sobre el petrificado.

O sangue tamén pode lavallo. Somos así.  
Xente nova, enxameo doutra especie.  
Pronunciamos a palabra doutro xeito, o cabelo  
Nin Deus nin a mente, senón  
o carbón o ferro e o petróleo,

a materia real creounos  
botándonos no ferver violento  
nos moldes desta  
sociedade terríbel,  
para chantarnos, pola humanidade,  
en chaira eterna.

Detrás dos cregos, dos soldados e dos burgueses,  
ao final fixémonos todos fieis  
oidores das leis:  
por iso o sentido de toda obra humana  
bate en nós  
como un violonchelo.

## Epitafio dun labrego español

Franco, o xeneral, enroloume, feroz soldado, en súas  
filas.  
Temín ser fusilado. Non era posíbel fuxir.  
Temín: loitei con el contra a liberdade, contra o dereito  
tras dos muros de Irún. Así tamén achoume a morte.

## Preto da cidade

### 1

En luminosa rocha estou sentado.  
Voa suave a brétema  
do renovado verao  
igual que unha doce e morna cea.  
Ao silencio acostumo  
o meu corazón (non é tan difícil).  
Tódalas cousas desaparecidas reúnen-se á miña beira,  
debrúzase a miña cabeza, e pendura  
a miña mao.

Contemplo a cabeleira dos montes.  
En tódalas follas brilla  
o fulgor da túa fronte.  
No camiño, ninguén, ninguén.  
Ollo como a túa faldra  
ondea co vento.  
Debaixo dos fráxiles follaxes  
tremen fugaces os teus cabelos,  
vibran de súpeto teus brandos senos  
e, mentres o regato Szinza corre,  
ollo como xurden outra vez  
nos brancos e redondos seixos  
os teus dentes, o sorriso dunha fada.

### 2

iOh, ámote tanto,  
a ti que conseguiches facer falar á vez  
á intrigante soidade  
que tece a súa trama  
nas fendas mais fondas do corazón,  
con todo o Universo!

Ti, como unha fervenza de seus barullos,  
abandónasme e corres silenciosamente,  
mentres eu, entre as cumes da miña vida,  
próximo á distancia,  
retumbo, chocando na terra e no ceo,  
e berro que te amo,  
imiña doce madrastra!



## Á beira do Danubio

### I

Sentado na pedra mais baixa do peirao,  
ollei como navegaba unha casca de sandía.  
A penas escoitaba, fundido en miña sorte,  
o rumor da superficie e o silencio da fondura.  
Como se do meu corazón arrancara o seu curso,  
era turbio, grande e sabio o Danubio.

Igual que a musculatura cando o home traballa,  
limando, martelando, cavando, erguendo un teito,  
saltaban, estirábanse e enfiaban  
cada movemento e cada onda.  
E, como a miña mai, o río abalábame, contábame contos  
e lavaba todas as roupas cotrosas da cidade.

De súpeto comezou a chuviscar  
e, como se todo dera igual, escampou.  
Igual como o que olla a prolongada choiva  
desde unha cova, contemplei o horizonte:  
como unha indiferente, eterna choiva, ía caendo  
nun pasado xa descolorido.

Corría o Danubio. E como un neno no regazo  
dunha mai fértil e abstraída,  
graciosas brincaban as ondas  
e chegaban sorrindo deica min.  
Así estremecíanse na corrente do tempo,  
como as abaneantes lápidas dun cemiterio.

### II

Fai mil anos ollo as cousas  
que agora vexo de súpeto.  
Só un minuto, e completo o tempo  
que cen mil antepasados comigo ollan.

Vexo o que viron, porque cavarón,  
mataron, apreixaron, fixeron o que tiñan que facer.  
Eles, inmersos na materia, ven  
o que non vexo, si debo confesalo.

Coñecémonos como a mágoa e a ledicia.  
Eu reteño o pasado e os antepasados o presente.  
Escribimos poesía (eles guían o meu lapis  
eu os sinto e os lembro).

### III

A miña mai era romansa, meu pai era sekler,  
case romanés, ou quizais romanés completo.  
Da boca da miña mai era doce a comida,  
da boca do meu pai era bela a verdade.  
Cada vez que me movo eles apréixanse.  
Por iso é que me poño triste algunhas veces  
(isto é como a morte). Eu xurdo con eles.  
"iXa verás cando non existamos!", dinme.

O din porque agora eu son eles.  
Por iso a miña debilidade é a miña forza.  
Agora lembro que son mais que moitos,  
porque son tódolos ancestros ata o primeiro xerme,  
son o Ancestro que se abre para multiplicarse,  
divídome feliz no meu pai e na miña mai,  
a miña mai e meu pai divídense en dous  
imais eu multiplico no ardente Un!

Eu son o mundo –todo o que foi e o que é-:  
moitas nacionalidades que non se entenden.  
Os mortos conquistadores vencen comigo  
e a dor dos vencidos é a miña condena.  
Árpád, e Zalán, Werbóczi e Dózsa,  
turco, tártaro, eslovaco, romanés arremuíñanse  
neste corazón que ten débedas co pasado  
o suave futuro, ihúngaros de hoxe!

Eu quero traballar. Mais xa chega  
co esforzo de confesar o pasado.  
O Danubio é o pasado, o presente e o futuro,  
cuxas ondas tranquilas entrelázanse.  
A loita que libraron os nosos antepasados  
vai disolvéndo a en paz a memoria,  
e arranxar ao final as nosas cousas comúns,  
este é o noso traballo –xa non é pouco.\_



## O meu país

### 1

Pola noite ía á miña casa, sentín a tentas  
ruxido de veludo que oscilaba,  
e no brando calor, que se aireaba,  
batían palmas xasmíns de opulencia

selvática estaba a miña alma somnolenta,  
na rúa durmía. Non agardaba  
o que o meu idioma, a miña conciencia daba  
nin tampouco do que se alimenta

a grande comunidade compañeiro este  
da mai natura ebria cuxo eco  
atrae ao seu regazo nos sombríos

lugares de traballo botando pestes  
ou meditando aquí no fondo do oco  
da noite: miseria dos meus.

### 2

Miles de enfermidades populares,  
mortalidade infantil de gran frecuencia,  
orfandade e vellez precoz, demencia,  
non chega isto para tomar conciencia:  
isería tempo xa de liberarse!

E na gran asemblea intelixente  
do pobo laborioso e competente  
pensar e repensar o que nos acontece.  
Fascinados pola forza, impostores,  
iqué mais lles da a moitos lexisladores  
como perece a nosa fermosa raza.

### 3

Por quen ata quebrarse tanta xente  
erguendo os troncos e os grans,  
con picos fai ferir espazos vans,  
funde aldeas, granxas, o terratenente.

Ao home intelixente, que valente  
seu indefendíbel país cargou nas súas maos,  
como animal bátenlle seus irmáns  
a elixir conscripto pai sapiente.

Os xendarmes sorrín con enganos,  
garantían, súas belas plumaxes brillan,  
fálase de quen vai ser deputado,

xa que "deciden" os que fai mil anos  
atados un ao outro, como gavelas,  
cumpren ordes ou encóbreanse teimosos.



*Arriba, obra de Arvai Erzsébet inspirada en József. No centro, retrato do poeta realizado por Desi Huber István. Abaixo, estatua de Attila József en Budapest*



**Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto de portada: Attila Kisbenedek**






15 DECEMBRO DO 2005 - NÚMERO 598

**rdl**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**ARTHUR GINNINGS**  
**Tan distantes, tan semellantes**



“Cando se ven perdidos totalmente, aférranse á vontade de Deus, concéntranse na oración e aparécelles a solución aos seus problemas”. Así se enfrontan os evanxélicos ao infortunio, segundo o escritor Xavier Alcalá, autor dunha triloxía sobre as penurias desta comunidade relixiosa en España. Descoñecidos practicamente para a maioría dos galegos pero con enraizados asentamentos en vilas como Ares ou O Seixo, os evanxélicos chegan a Galicia no século XIX e Arthur Ginnings, un misioneiro protestante inglés que viviu en Ares corenta anos, foi un dos seus máis emblemáticos pastores. Ademais de difundir a súa fe, Ginnings acumulou

# Ollada inglesa e corazón galego

unha colección fotográfica de grande interese documental, composta por imaxes até agora inéditas de Galicia pero tamén por instantáneas do labor evanxelizador en África e na China. O propio Ginnings é o autor de boa parte do material galego, positivado sobre placas de cristal e destinado, entre outras funcións, á captación de novos fieis mediante a súa proxección na “lanterna máxica”. Agora, o Museo das Peregrinacións recupera en Compostela boa parte desta colección nunha mostra na que se inclúe, baixo o epígrafe “Tan distantes, tan semellantes”, imaxes onde se amosan as similitudes entre as actividades humanas en áreas xeográficas opostas.





Imaxes de comunidades evanxélicas. Arriba: grupos de protestantes galegos co misioneiro. Abaixo: grupo de protestantes zulús coas misioneiras. A foto de portada é a do pastor evangelista Arthur Ginnings de paseo cuns amigos pola praia de Ares



*O tempo acaba por elevar todas as fotografías, aínda as máis torpes, ao nivel da arte"*

Nas palabras de Susan Sontag encérrase unha verdade complexa e próxima á colección que nos ocupa aquí. En efecto, a colección de Arthur Ginnings poderíase encadrar neste grupo de fotos esquecidas, á espreita de seren rescatadas polo tempo para gozo e comprensión do espectador contemporáneo. Non se trata, emporiso, de fotos "torpes", só de imaxes tomadas cunha finalidade utilitaria, descritiva, didáctica, testemuñal que o tempo de novo converte en pequenas obras de arte. Un traballo que non nace con vocación artística e chega acadala grazas á nosa ollada, ata o punto de poderen ocupar un lugar dentro dun espazo expositivo ou museístico.


Non se trata só dunha coincidencia polo feito de que os anos pasasen por riba do traballo de Ginnings ata dignificalo dende o punto de vista estético. Tamén se produce a incidencia doutros factores que son converxentes: a historia, a memoria, os seres humanos retratados e o patrimonio. É neste último factor onde se atopa a clave esencial para comprendermos a colección, que pasa de posuír un carácter sinxelamente instrumental a se converter nun ben cun indiscutible valor patrimonial.

Neste senso, débese lembrar o que se indica nas disposicións xerais da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, no seu artigo 1.2, onde se inclúen dentro do noso patrimonio "obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico". No caso que nos ocupa trataríase dun patrimonio no que os valores artísticos, históricos, etnográficos e técnicos conflúen, este último polo soporte e os recursos técnicos utilizados na colección, destinada a ser proxectada grazas a unha "lanterna máxica". Do mesmo xeito, alén do soporte material, nestas fotografías concorren toda unha serie de valores testemuñais, etnográficos e históricos, que merecen de seu ser conservados e preservados. Por último, como se verá máis adiante, aínda que non existe unha pretensión artística na realización destas obras, a súa execución corresponde ás circunstancias particulares do seu tempo e do seu autor.



Recoñecido o seu valor técnico e testemuñal, habería que lembrar que nas dúas lexislacións vixentes en Galicia hoxe en día recóllese unha definición de documento que tamén debe ser tida en conta. O artigo 49 da Lei do patrimonio histórico español entende por documento "toda expresión na linguaxe natural ou convencional e calquera outra expresión gráfica, sonora ou en imaxe, recollidas en calquera tipo de soporte material, incluso os soportes informáticos. Exclúense os exemplares non orixinais de edicións". Doutra banda, é indiscutible a súa condición de colección documental, pois esta é un "conxunto non orgánico de documentos reunido artificialmente en función dos criterios obxectivos ou de conservación".

Asentado o valor patrimonial da colección Ginnings en argumentos e artigos legais, é evidente que a súa categoría e seriedade non veñen dados só polo tempo pasado ou pola cantidade de placas acumuladas –máis dun milleiro. Estes radican maiormente naquelas características que a singularizan: o seu valor etnográfico, o seu valor de testemuño e o seu valor histórico-artístico.

Estes dous últimos están vencellados no seu cerne, pois non se pode entender este tipo de fotografía sen lembrar que a súa orixe derradeira se atopa na transformación social e económica que sufriu a sociedade europea durante a segunda metade do século XIX e a consolidación desta nas primeiras décadas do século XX. O desenvolvemento industrial, a evolución técnica e o progreso imparable das ciencias provocaron un cambio radical na percepción da natureza e da realidade, agora encamiñada cara a unha nova obxetividade. A devandita obxetividade supuxo o mesmo rexeitamento na pintura ca na fotografía, naquela porque se consideraba como un recurso pernicioso para a "arte elevada", nesta porque nun principio non se lle recoñecía ningún tipo de afini-







Dende a páxina 4 e de esquerda á dereita. Arriba: Na procura de auga. (Ares, Galicia) e na procura de auga. (Pretoria, Sudáfrica). No medio: A familia (China); A familia (Galicia) e A familia (África). Abaixo: A casa e os apeiros ( Os Castros, San Clodio, Galicia) e A casa e os apeiros (Sudáfrica)



dade coa arte, reducíndoa ao eido do dominio técnico.

No fondo ambas as dúas tendencias, a pictórica e a artística, xorden dunha concepción positivista da filosofía e da vida, moi ao xeito para as intencións da comunidade evanxélica e para as afeccións dun predicador mozo como Arthur Ginnings, que se podería resumir en dúas fases complementarias: "Quero reproducir cousas como son ou como serían, mesmo se eu non existise" e "só se pode pintar o que se ve". Esta tiña como única aspiración a de captar a realidade dunha comunidade como a galega en todas as súas dimensións: humana, física e cultural, é dicir, tres dos vectores fundamentais nos que se sostén neste intre o concepto patrimonial cultural. Descoñecemos o grao de concienciación, alén da sinxelamente espiritual, que tiña Ginnings; é importante, emporiso, non esquecer que boa parte do pensamento patrimonialista do século XX se asenta nos presupostos xurdidos dun filósofo, poeta e humanista como John Ruskin.

Esta falta de intencionalidade artística, como obxectivo primordial da acción do fotógrafo, sitúa a Ginnings nun ámbito nomeadamente ricaz nas décadas do século XX: o grupo de fotografías populares. Xaora, este predicador inglés non pode ser comparado con outros fotógrafos galegos como Pacheco, Pintos, Caamaño ou Viéitez. Tampouco se pode comparar con outros nomes como Francisco Fernández Trujillo, José Nogales, Julián Collado, Luis Escobar, a familia Alonso ou Alejandro Merletti. Non obstante, o seu estilo, as circunstancias nas que desenvolveu a súa obra e os resultados acadados sitúano na liña destes retratistas españois afastados do carácter mediocre e ostentoso dos gabinetes de fotografía urbanos.


Neste senso, o primeiro trazo que se debe salientar nas placas de Ginnings é a súa sinceridade, a ausencia de artificios e pretensións que sitúan diante do obxectivo da cámara anacos da realidade galega de primeiros de século. Trátase dun recurso técnico sen intención de ser recurso, co que se acaban imaxes conmovedoras, sorprendentes e acuguladas de dignidade.

Esa candidez vén acompañada doutro trazo que, interpretado hoxe en día de xeito pexorativo, é en realidade unha categoría estética que xorde do romanticismo decimonónico: trátase dese carácter pintoresco e "pictorialista" que enchoupa a imaxe fornecendo dunha sorprendente capacidade de suxestión e capacidade emotiva.

Doutra banda, o instinto fotográfico de Ginnings permítelle superar os acentos emperiquitados dese pintoresquismo infamante, para acabar unha maior penetración e frescura.

Esa capacidade de penetración será a que tamén aparecerá nunha gran variedade dos seus traballos, onde van entrefebrados trazos da vida cotiá máis aceda e miserenta do agro galego e outros máis agradables das reunións da comunidade evanxélica e dos membros sobranceiros desta. Nestes casos, a inxenuidade e o candor deixan paso a unha reflexión fonda que invita á interpretación, á explicación sobre unha realidade obxectual, social e afectiva. Finalmente Arthur Ginnings, do mesmo xeito ca os fotógrafos que percorrían as cidades e as aldeas galegas con placas secas e papeis de xelatinobromuro, descobre o cerne do seu traballo na ambulancia, na capacidade de observar xentes e lugares de toda a xeografía galega, dende Ares e Ferrol ata Ourense ou Lugo. Estes últimos, testemuños urbanos que se converten en peza fundamental da recuperación da nosa conciencia patrimonial. En calquera caso, a colección Ginnings e o seu autor fan válidas as palabras que Paul Strand lle dedicou a Lewis Hine: "Era un home modesto e non se consideraba un artista. Non daba o tipo de artista, pero érao. Tiña un ollo asombroso".

Juan M. Monterroso Montero







Arriba: Dilixencia de A Coruña a Compostela. Abaixo de esquerda á dereita: Henry Payne e Thomas Berkley na venta de Biblias en Ares. Arthur, sementando crenzas na feira. Vista de Monforte. Escea en Ares (maio, 1934). Na parte inferior esquerda, muller rezando. As imaxes da páxina 6 son á Infancia en Galicia (su-



**Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto poratda: Ginnings (centro) nunha praia de Ares**





22 DECEMBRO DO 2005 - NÚMERO 599

**rdl**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**BARBOSA DU BOCAGE**

sonetos eróticos e outros poemas





# Manuel María de Barbosa du Bocage

Bocage tiña a pretensión de converterse no segundo Camões, pero estrou as súas enerxías nunha vida axitada e, por suposto, chea de poesía. Naceu en Setúbal en 1765 e morreu en Lisboa en 1805, aos 40 anos, vítima dun aneurisma. Nos últimos anos o poeta vivía cunha irmá e unha sobriña, ás que sustentou con traducións de libros didácticos: traducións de Virxilio, Ovidio, Tasso, Rousseau, Racine ou Voltaire que o axudaran a sobrevivir en diferentes cadeas portuguesas ao que fora enviado no 1797, acusado de herexia, de atentar contra os costumes e por ideas republicanas. Implacablemente perseguido no Portugal da decadencia imperial e temperamentalmente insubmiso, o Bocage afiliárase, logo de fuxir da súa casa e con apenas 14 anos, ao Exército co que no 1786 chegara, como o seu heroe Camões, á India (Goa e Damão) e tamén, como Camões, topou co poderoso Oriente. Logo, por vontade propia e contra o parecer dos seus superiores, marcha a Macau, volvendo a Portugal no 1790. De temperamento forte e violento, ingresa entón en Nova Arcadia, unha academia literaria con vagas vocacións igualitarias e de liberdade, de onde sería expulsado polas súas sátiras antiacademicistas. Foi, tal e como o presenta neste monográfico de RDL, o poeta e ensaísta Xosé Lois García, "o grande poeta, despois de Camões, considerado o de maior valía e recoñecemento". Negou cos seus versos a dogmática doutrina da salvación, provocou a burguesía e a Igrexa cos seus poemas eróticos e fomentou un espazo contestatario fronte ás cadeas inquisitorias.



# O arcade da grande Lusitania

Xosé Lois García

Fai hoxe douscentos anos que os pregoeiros de rúas e os aguadeiros galegos da cidade de Lisboa levaban a noticia aos compradores de auga, da morte, o día anterior, do excelso poeta, Manuel Maria Barbosa du Bocage (Setúbal, 15 de setembro de 1765 - Lisboa, 21 de decembro de 1805). Os brados deixábanse oír polos barrios pobres e a cidadanía ía axuntándose na Praça do Rossio, fronte ao café Nicola, onde o Bocage tivera asento durante moitos anos.

Así o confirma a monumental estatua que está dentro deste café. Mentres os sermóns dos clérigos daquela igrexa intolerante atendía á vixilia da festividade do apóstolo Santo Tomé, o pobo humilde pregaba, entre bágoas, a absolución do poeta pecador. Certamente, Lisboa conmoveuse como se conmoviera cincuenta anos antes co terremoto que derrubou esta cidade en 1755.

O Bocage era o grande poeta, despois de Camões, considerado o de maior valía e recoñecemento. El mesmo gustaba de proclamarse herdeiro e sucesor do grande épico, ao dicir: "Camões, gran Camões, quão semelhante/ Acho o teu fado ao meu, quando os cotejo!/ Igual causa nos fez, perdendo o Tejo./ Arrostar co'o sacrílego gigante". A el lle tocou vivir as aventuras daquel período literario portugués que coñecemos como o *Século das Luzes* (o XVIII), que ocupa o tránsito entre o barroco e o romanticismo. Mais o poeta pertence, dentro deste período, á chamada *Arcádia Lusitana* e, por tanto, el é considerado o grande *Arcade* poético. Aínda que Bocage, no último decenio do século XVIII, está integrado no que se coñeceu como a *Nova Arcadia* ou *Academia das Belas-Letras*. Os poetas portugueses, como Bocage, concentrábanse neste ente todos os mércores para recitar e tomar o té con torradas e practicaban toda unha bohemia mundana que foi despertando atracción para uns e odio para outros.

Bocage, era fillo dunha francesa de Normandía casada cun portugués, e por isto queremos ver e apreciar o que el sentía pola cultura e literatura francesa. Moi cedo deixou a seu pai e alistouse en Lisboa na Companhia de Guardas-Marinhas. Pronto abandonou os estudos e deuse á bohemia e ás orxías lisboetas. Quixo percorrer parte do mundo e, como Camões, viaxou polas colonias portuguesas en Asia e o Brasil.

Non cabe dúbida que o Bocage era un ser marabillosamente libre, foi o poeta que mellor encarnou aquela época en que os poderes reais e eclesiásticos mantiñan dobregado ao pobo portugués e só unha voz como a do Bocage interferiu contra os dogmas e a falsa moral que se practicaba. Do Bocage, mundano e lascivo, floreceron rosas eróticas e pornográficas que

agrediron frontalmente os costumes hipócritas que predominaban na época. Pode que nos pareza nalgúns dos seus sonetos de mal gusto ou que teñan un carácter machista, pero seguramente o peso das sombras e a rixidez sexual daquela época foron rotundamente contestadas grazas á creación poética do Bocage que creou un criterio innovador na forma real de dicir as palabras xustas e inalterábeis co fin de fomentar a liberdade. Aquela Lisboa aristocrática, relixiosa e clasista tivo que oír a palabra núa dun poeta virado cara á conquista da liberdade. Hoxe entendemos moi ben a postura deses poemas eróticos que viñan a abrir unha enorme fenda no sermón moralista da Igrexa e dos conceptos burgueses establecidos sobre esta materia.

Mais o que nunca tiña acontecido en Portugal era un confronto en materia relixiosa como o que provocou Bocage en 1797, co seu poema: *Pavorosa ilusão da Eternidade*, no que se nega a dogmática doutrina da salvación. A negación da existencia do ceo e do inferno leva a Bocage ante os tribunais da Inquisición e o 10 de agosto de 1797 é acusado polo intendente Pina Manique. Despois de innumerábeis interrogatorios é introducido nas cadeas inquisitoriais. En 1798 é transferido aos calabozos dun oratorio para ser adoutrinado.

A Inquisición perseguíu á única irmá que tiña, Maria Francisca, que tivo que fuxir nun barco secretamente para Inglaterra. Cando saíu da prisión, desnortado, aflixido e sen familia, o grande Bocage en moi pouco tempo escribiu: *Poemas do Cárcere*, un enorme tratado existencial sobre as penurias que tivo que soportar nas cadeas inquisitoriais. *Poemas do Cárcere*, revela a fonda sensibilidade dun Bocage extremadamente conmovedor e que aínda eses poemas teñen vixencia e notabilidade.

As chamadas irreverencias de Bocage serviron para que un Portugal oprimido acordara dun longo sono. A súa poesía correu de mao en mao, a memoria posta no poeta de Setúbal desflorou aquela virxindade mental e a súa popularidade fomentou un espazo contestatario que abriu camiño ao romanticismo. Cando se cumpre o bicentenario do seu pasamento, Bocage continúa na memoria dos que aspiramos a que as palabras non sexan amordazadas e a liberdade de expresión teña vixencia naqueles espazos onde se carece deles. E aquelas cadeas inquisitoriais, nas que estivo Manuel Maria Barbosa du Bocage, deixen de ter actualidade en tantas partes deste universo globalizado. Este gran poeta portugués continúa sendo un símbolo das liberdades persoais e colectivas, por iso as homenaxes a el rendidas actualizan a súa loita e a súa poesía.



## Sonetos eróticos

### I

Tendo o terrible Bonaparte à vista,  
Novo Anibal, que esfalfa a voz da Fama,  
"Oh capados heróis! (aos seus exclama  
Purpúreo fanfarrão, papal sacrista):

O progreso estorvai da atroz conquista  
Que da filosofía o mal derrama!..."  
Disse, e em fêrvido ton saúda, e chama,  
Santos surdos varões por sacra lista:

Deles en vão rogando en *pío* arrojo,  
Convulso o corpo, as faces amarelas,  
Cede triste vitória, que faz nojo!

O rápido francês vai-lhe às canelas;  
Dá, fere, mata; ficam-lhe em despojo  
Relíquias, bulas, merdas, bagatelas

### II

Lá cuando en mim perder a humanidade  
Mais um daqueles, que não fazem falta,  
Verbi-gratia- o teólogo, o peralta,  
Algum duque, ou marquês, ou conde, ou frade:

Não quero funeral comunidade,  
Que engrole *sub-venites* em voz alta;  
Pingados gatarrões, gente de malta,  
Eu também vos dispenso a caridade:

Mas quando ferrugenta enxada idosa  
Sepulcro me cavar em ermo outeiro,  
Lavre-me este epitafio mão piadosa:

"Aqui dorme Bocage, o putanheiro:  
Passou vida folgada, e milagrosa;  
Comeu, bebeu, fodeu sem ter dinheiro".

### III

Esse disforme, e rígido porraz  
Do semblante me faz perder a cor;  
E assombrado d'espanto, e de terror  
Dar mais de cinco passos para trás:

A espada de membrudo Ferrabraz  
De certo não metia mais horror:  
Esse membro é capaz até de pôr  
A amotinada Europa toda em paz:

Creio que os fodais recriações  
Não te hão-de rija máquina sofrer  
Os mais corridos, sórdidos cações:

De Venus não disfrutas de prazer:  
Que esse monstro, que alojas nos calções,  
É porra de mostrar, não de foder.

### VI

Não lamentos, oh Nise, o teu estado;  
Putas ten sido moita gente boa;  
Putíssimas fidalgas tem Lisboa,  
Milhões de vezes putas têm reinado:

Dido foi puta, e puta dum soldado;  
Cleópatra por puta alcança a coroa;  
Tu, Lucrecia, com toda a tua proa,  
O teu cono não passa por honrado:

Essa de Rússia imperatriz famosa,  
Que ainda há pouco morre (diz a Gazeta)  
Entre mil porras expirou vaidosa:

Todas no mundo dão a sua greta:  
Nao fiques pois, oh Nise, duvidosa  
Que isto de virgo e honra e tudo peta.

### IX

Arreitada donzela en fofa leito  
Deixando erguer a virginal camisa,  
Sobre as roliças coxas se divisa  
Entre sombras subtis pachoco estreito:

De loiro pêlo um círculo imperfeito  
Os papudos beicinhos lhe matiza;  
E a branca crica, nacarada e lisa,  
Em pingos verde alvo licor desfeito:

A voraz porra as guelras encrespando  
Arruma a focinheira, e entre gemidos  
A moça treme, os olhos requebrando:

Como é ainda boçal perde os sentidos:  
Porém vai com tal ânsia trabalhando,  
Que os homens é que vêm a ser fodidos.

### XI

Nesta, cuja memória esquece à Fama,  
Feira, que en Santarém vem de ano en ano,  
Jazia com uma freira um franciscano;  
Eram de barro os dois, de barro a cama:

Com a mão, que à virgindade injúrias trama,  
Pretendia o cabrão ferrar-lhe o pano;  
Eis que um negro barrasco, un Frei Tutano  
O espectáculo vê, que os rins lhe inflama:

"Irra! Vens-me aticar, gente danada!  
Não basta a felpa dos bureis opacos,  
Com que a carne rebelde anda ralada?

Fora, vis tentações, fora velhacos!..."  
Disse, e ao ríspido som de atroz patada  
O escandaloso par converte em cacos.



XIV

Bojudo fradalhão de larga venta,  
Abismo imundo de tabaco esturro,  
Doutor na asneira, na ciência burro,  
Com barba hirsuta, que no peito assenta:

No púlpito um domingo se apresenta;  
Prega nas grades espantoso murro;  
E acalmado do povo o gran susurro  
O dique das asneiras arrebenta.

Quatro putas mofavam de seus brados,  
Não querendo que gritasse contra as modas  
Um pecador dos mais desaforados:

"Não (diz uma) tu, padre, não me engodas:  
Sempre me há-de lembrar por meus pecados  
A noite, em que me deste nove fodas!"

VI

Porri-potente herói, que uma cadeira  
Sustens na ponta do caralho teso,  
Pondo-lhe em riba mais por contrapeso  
A capa de baetão da alcoviteira:

Teu casso é como o ramo da palmeira,  
Que mais se eleva, quando tem mais peso:  
Se o nãoo conservas açaimado e preso,  
É capaaz de foder Lisboa inteira!

Que fosças tens no hórrido marsapo,  
Que assestando a disforme cachamorra  
Deixa conos e cus feitos num trapo!

Quem ao ver-te o tesão há não discorra  
Que tu não podes ser senão Priapo,  
Ou que tens um gindaste em vez de porra?

XXVI

Se quereis, bom Monarca, ter soldados  
Para compor lustrosos regimentos,  
Mandai desentulhar eses conventos  
Em favor da preguiça edificadoss.

Nos Bernardos lambões, e asselvajados  
Achareis mil guerreiros corpulentos;  
Nos Vicentes, Nos Neris, e nos Bentos  
Outros tantos, não menos esforçados:

Tudo extingui, senhor: fiquem somente  
Os Franciscanos, Loios, e Torneiros,  
Do Centímano aspérrima semente:

Existam este lobos carniceiros,  
Para não arruinar inteiramente  
Putas, pívias, cações, e alcoviteiros.

XXVII

Veio Mulei-Moamed marroquino  
Com duros trigos entulhar Lisboa;  
Pagava bem, não houve moça boa  
Que não provasse o casso adamantino:

Passou a um seminário feminino,  
Dos que mais bem providos se apregoa,  
Onde a um frade bem fornida ilhoa  
Dada d'esmola cada dia um pino:

Tinha o mouro fodido largamente,  
E já basofiando com desdouro  
Tratava a nação lusa d'impotente:

Entra o frade, e ao ouvi-lo, como um touro  
Passou tudo a caralho novamente,  
E o triunfo acabou no cu do mouro.

XXXV

Se tu visses, Josino, a minha amada  
Havias de louvar o meu bom gosto;  
Pois seu nevado, rubicundo rosto  
Às mais formosas não inveja nada:

Na sua boca Vénus faz morada:  
Nos olhos tem Cupido as setas posto;  
Nas mamas faz Lasciva o seu encosto,  
Nela, emfim, tudo encanta, tudo agrada:

Se a Ásia visse coisa tão bonita  
Talvez lhe levantasse algum pagode  
A gente, que na foda se exercita!

Beleza mais completa haver não pode:  
Pois mesmo o cono seu, quando palpita,  
Parece estar dizendo: "Fode, fode!"

XXXVIII

Eu foder putas?... Nunca mais, caralho!  
Hás-de jurar-mo aqui, sobre estas Horas:  
E vamos, vamos já!... Porém tu choras?  
"Não senhor (me diz ele) eu não, não ralho:"

Batendo sobre as Horas como um malho,  
"Juro (diz ele) só foder senhoras,  
Das que abrem por amor as tentadoras  
Pernas áquilo, que arde mais que o alho".

Co'a força do jurar esfolheando  
O sacro livro foi, e a ardente sede  
O fez em mar de ranho ir soluçando...

Ah! que fizeste? O cédu teus passos mede!  
Anda, herético filho miserando,  
Lavanta o dedo a Deus, perdão lhe pede!



## No cárcere

Neste horrível sepulcro da existência  
O triste coração de dor se parte;  
A mesquinha Ração se vê sem arte,  
Com que dome a frenética impaciência

Aqui pela opressão, pela violência  
Que en todos os sentidos se reparte,  
Transitório poder quero imitar-te,  
Eterna, vingadora onipotência!

Aqui onde o que o peito abrangue e sente,  
Na mais ampla expressão acha estreiteza,  
Negra idea do abismo assombrada a mente.

Difere acaso da infernal tristeza  
Não ver terra, nem céu, nem mar, nem gente,  
Ser vivo, e não gozar da Natureza?

\*\*\*

Aceso no almo ardor, que a mente  
inflama,  
Vivo de Amor, de Amor suspiro e canto;  
Na face agora o riso, agora o pranto,  
Da árvore tua, ó Febo, eu cinjo a rama.

Prezo a doce moral; na voz da Fama  
Meu nome pouco a pouco aos Céus levanto;  
Mas turba vil, que abato, anseio espanto,  
Urde em meu dano abominável trama.

Réu me delata de hórrida maldade,  
Projecta aniquilar-me o bando rude,  
Envolto na leteia escuridade.

Que falsa ideia, ó zoilos, vos ilude!  
Furtais-me a paz? Furtais-me a liberdade?  
Fica-me a glória, fica-me a virtude

\*\*\*

O pesado rigor de dia em dia  
Se apure contra nós, oprimido amigo;  
Tolere, arraste vis grilhões contigo,  
Quem contigo altos bens gozar devia.

Da nossa amarga sorte escura, impia,  
Colha triunfos tácito inimigo;  
Sombra como a do lúgubre jazigo

Nos cubra de mortal melancolia.  
Custam fadigas a virtude, a glória;  
Por entre abrolhos se caminha ao monte,  
Ao templo da honorífica Memória.

Posto que hoje a calúnia nos afronte,  
Inda serão talvez na longa história  
Dois nomes imortais –Bocage e Ponte3!

\*\*\*

Meus dias, que já foram tão luzentes,  
Hoje da noite opaca irmãos parecem;  
Meus dias miseráveis emurhecem  
Longe do gosto e longe dos viventes.

Horros das trevas, peso das correntes,  
Olhos, forças me abatem, me entorpecem,  
E apenas por momentos me aparecem  
Rostos sombrios de intratáveis entes.

Pagan-se da rugosa austeridade;  
Antolha-se-lhe um crime, um atentado  
Sofrer nos corações a Humanidade.

Voai, voai do Céu para meu lado,  
Ah!, vinde, doce Amor, doce Amizade,  
Sou tão digno de vos, quão desgraçado.

\*\*\*

Liberdade querida e suspirada,  
Que o Despotismo acérrimo condena;  
Liberdade, a meus olhos mais serena  
Que o sereno clarão da madrugada!

Atende à minha voz, que geme ebrada  
Por ver-te e por gozar-te a face amena!  
Liberdade gentil, desterra a pena  
Em que esta alma infeliz jaz sepultada!

Vem, ó deusa imortal, vem, maravilha,  
Vem, ó consolação da Humanidade,  
Cujo semblante mais que os astros brilha!

Vem! Solta-me o grilhão da adversidade!  
Dos Céus descende, pois dos Céus és filha,  
Mãe dos prazeres, doce Liberdade!





## Pavorosa ilusão da eternidade

Pavorosa ilusão da Eternidade,  
Terror dos vivos, cárcere dos mortos;  
D'almas vãs sonho vão, chamado Inferno,  
Sistema da política opressora  
Freio que a mão dos déspotas, dos bonzos,  
Forjou para boçal credulidade;  
Dogma funesto, que o remorso arreigas  
Nos ternos corações, e paz lhe arrancas;  
Dogma funesto, detestável crença,  
Que envenenas delícias inocentes  
Tais como aquelas que no céu se fingem!  
Fúrias, Cerastes, Dragos Centimanos  
Perpétua escuridão, perpétua chama  
Incompatíveis produções do engano,  
Do sempiterno horror terrível quadro,  
(Só terrível aos olhos da ignorância):  
Não, não me assombram tuas negras cores;  
Dos homens o pincel e a mão conheço.  
Trema de ouvir sacrílego ameaço  
Quem dum Deus, quando quer, faz um tirano;  
Trema a superstição; lágrimas, preces,  
Votos, suspiros arquejando espalhe,  
Cosa as faces co'a terra, os peitos fira,  
Vergonhosa piedade, inútil vênia  
Espere às plantas do impostor sagrado,  
Que ora os infernos abre, ora os ferrolha....

## Das terras a pior tu és, ó Goa

Das terras a pior tu és, ó Goa,  
Tu pareces mais ermo que cidade,  
Mas alojas em ti maior vaidade  
Que Londres, que Paris ou que Lisboa.  
A chusma de teus íncolas pregoa  
Que excede o Grão Senhor na qualidade;  
Tudo quer senhoria; o próprio frade  
Alega, para tê-la, o jus da c'roa!  
De timbres prenhe estás; mas oiro e prata  
Em cruces, com que dantes te benzias,  
Foge a teus infanções de bolsa chata.  
Oh que feliz e esplêndida serias,  
Se algum fusco Merlim, que faz bagata,  
Te alborcasse a pardaus as senhorias!

## A um célebre mulato Joaquim Manuel

A um célebre mulato Joaquim Manuel,  
grande tocador de viola e improvisador de modinha.

Esse cabra ou cabrão, que anda na berra,  
Que mamou no Brasil surra e mais surra,  
O vil estafador da vil bandurra,  
O perro, que nas cordas nunca emperra:  
O monstro vil que produziste, ó Terra  
Onde narizes Natureza esmurra,  
Que os seus nadas harmônicos empurra,  
Com parda voz, das paciências guerra;  
O que sai no focinho à mãe cachorra,  
O que néscias aplaudem mais que a "Mirra",  
O que nem veio de prosápia forra;  
O que afina inda mais quando se espirra,  
Merece à filosófica pachorra  
Um corno, um passa-fora, um arre, um irra.





**Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás. Foto de portada: Manuel de Almeida**





29 NOVEMBRO DO 2005 - NÚMERO 560

**rdl**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



2005





Primeira voda entre dous homes que se celebrou en Compostela. Na foto, os dous coa monteira volta, signo de estaren casados. En portada, a aramiada que rodea Melilla para impedir o tránsito de inmigrantes

# 2005 Un resumo

Acaba o 2005 e atrás queda o ano da historia con maior número de catástrofes naturais da historia, provocadas segundo os especialistas polo cambio de clima. Contra ese cambio de clima establecéronse novos parámetros de acción –coa ausencia de Estados Unidos e Arabia Saudita– pero de pouco serve a retórica se un informe recente revela que a Unión Europea dificilmente poderá cumprir o Protocolo de Kioto, do cal é, precisamente, o seu maior impulsor... Paradoxos do sistema... Tamén pasará á historia o 2005 pola igualdade de dereitos que se logrou coa aprobación do matrimonio entre persoas do mesmo sexo, unha iniciativa que botou os católicos á rúa e deixou a imaxe insólita dos bispos detrás das pancartas... O triunfo do PSOE e o BNG en Galicia con Pérez Touriño como presidente da Xunta... O Estatut de autonomía –que a Rodríguez Zapatero lle custou unha socavadura nas enquisas– e o apontoamento do estado pluricultural... A oposición crispada e crispante dun cada vez máis nacionalista PP... A morte de Xoán Paulo II e a ascensión do seu segundo, o cardeal Ratzinger, da á máis conservadora do catolicismo... A caída continua de Bush até converterse no presidente menos querido da historia de Estados Unidos... A fame imposible de atallar... A sida que decima África... O afianzamento do fundamentalismo relixioso... A extensión da violencia... A guerra... O medo...





## Touriño, o presidente do cambio

Emilio Pérez Touriño converteuse, tras as eleccións autonómicas de xuño, no primeiro presidente de Galicia que representa a esquerda e sae elixido polas urnas. Apoiado polo BNG, que lle dá tamén por primeira vez a Xunta ao nacionalismo, Pérez Touriño xungue unha corrente ideolóxica que abrangue desde ese mesmo nacionalismo ao Partido Comunista de Galicia –no que militou durante boa parte da súa traxectoria– até o Partido Socialista, triunfador evidente das eleccións pese a conseguir máis deputados o Partido Popular de Manuel Fraga. O éxito que posibilitaría

o Goberno bipartito foi apurado en canto a deputados (38 fronte a 37) pero significativo en número de votos: máis de cen mil de vantaxe. A noite electoral, de auténtico infarto, provocou porén unha sorprendente reacción: mentres o PP de Fraga se presentou como o gañador –e así o recollían todos os periódicos–, os auténticos vencedores foron presa dun estendido desánimo que, para moitos, amosaba o síntoma dunha esquerda tan coutada que incluso era incapaz de recoñecer o triunfo. No desolador panorama desa noite, só Pérez Touriño amosou a confianza no futuro.




## Ánxela Bugallo, un acelerador de partículas para Galicia

Hoxe mesmo debuta no estadio de San Lázaro, en Compostela, a Selección Galega de Fútbol, primeiro froito mediático e visible do vertixinoso labor que desenvolveu a nacionalista Ánxela Bugallo des de chegou á Consellería de Cultura e Deportes. Convertida no máis carismático e eficaz membro do Goberno bipartito, Ánxela Bugallo compaxina na súa arroiadora personalidade a vontade do traballo e o engado dunha conselleira que lles sorrí ás cámaras, usa mocasíns

Tods e se enfrenta aos problemas con elegancia natural. Alcumada "o acelerador de partículas" pola súa frenética actividade, chegada á consellería desde as bases de Esquerda Galega e observada con lupa por unha parte do BNG que prefería unha liña máis "oficial" no departamento, Bugallo demostrou en escasos catro meses de xestión que era capaz de formar equipo e de cambiar radicalmente o perfil dun departamento que, até agora, vivira sempre á sombra dos fastos.





## O outono do patriarca

Manuel Fraga a punto estivo de revalidar a súa maioría absoluta en Galicia pero, ao final, non puido ser e o que fora presidente do país durante 16 anos, reorganizador da dereita española baixo as siglas de AP e logo PP, pai da Constitución e ministro de Franco en varios dos seus gabinetes, parece que acabará os seus días no Senado. Xa nos últimos meses, tras perder a Xunta, Manuel Fraga iniciou un progresivo afastamento cara ao segundo plano, mesmo na busca dun sucesor, asunto onde o presidente estatal do partido, Mariano Rajoy, tomou máis bazas. Esta fotografía de don Manuel posúe o valor simbólico de amosar cal foi o papel do outrora poderoso patriarca da dereita no proceso de recambio e, tamén, do sosego laboral que adoptou. O futuro do PP queda agora nas mans de Alberto Núñez Feijóo, apoiado polo PP de Madrid e vixilado de cerca polos baróns galegos, entre Xosé Manuel Barreiro.



## A accidentada oposición

Din noPP que o recente accidente de helicóptero de Mariano Rajoy foi a proba definitiva que privará a este "eterno segundón" de alcanzar a presidencia. Segundo estas malas linguas, ese día a estrela rouboulla unha figura emerxente: Esperanza Aguirre, que saíu sen perder a compostura do sinistro fronte a un Rajoy desvalido e atoutelado, moi lonxe daquel Aznar que, tras o atentado de ETA, andaba con paso firme. A Rajoy –que nos últimos meses remontou segundo as enquisas o abismo no que se demerxera– acompaña a sombra dunha oposición encistada, á que el lle dá formalidade verbal para adubiar unha crispación crecente, recurso este último que o PP utiliza como eficaz arma de desgaste de Zapatero. Mentres, o propio Rajoy semella secuestrado polo peso cada vez maior da ultradereita no seu partido e dun oneroso e abafante nacionalismo español que, por certo, el sempre practicou.



## Violencia e crispación

O ministro de Defensa, José Bono, é sen dúbida o membro do Goberno Zapatero que máis simpatías causa entre o centro dereita, pero iso non lle evitou ser obxecto dun intento de agresión durante unha das múltiples manifestacións que os círculos próximo ao PP artellaron ao longo do ano, neste caso en defensa das vítimas do terrorismo etarra. A agresión trasladaba á rúa unha dinámica de crispación e violencia que a oposición desenvolveu con habilidade des que perdeu inesperadamente o Goberno español, con insultos continuos e utilizacións mediáticas sen precedentes no estado democrático. O máis contradictorio desta agresión, porén, foi o rocambolesco periplo que viría despois, coa detención –logo cualificada de inxustificada– de varios militantes do Partido Popular que rodeaban o ministro, síntoma tamén da precipitación coa que ás veces actúa un goberno ao que non se lle deu un só respiro e que, pese a esas carencias, está a levar adiante con sorprendente eficacia o seu programa electoral.




## Entre o terror islámico e o policial

Londres foi este ano o obxectivo teimudo do terrorismo islámico en Europa. Até oito veces trataron de facer explodir artefactos na capital británica entre o trágico 11 de Setembro do 2001 e os atentados múltiples do pasado 7 de xullo, que provocou 52 vítimas. Ademais, despois dese 7-X rexistráronse outros dous intentos errados, incluído o do 21 de xullo que tratou de repetir o pánico na rede de transporte da capital británica. Estes atentados, que buscan penalizar o apoio do primeiro británico Tony Blair á invasión de Iraq, provocaron o caldo de cultivo para un dos escándalos máis terribles da política policial do país: o asasinato de Jean Charles de Menezes, un mozo brasileiro abatido no metro porque os seus agresores –os corpos de seguridade– desconfiaron da cor da súa pel mentres facían unha campaña de rastrexo rutineira.



## O presidente menos querido

O primeiro ano do segundo mandato de George W. Bush á fronte do Goberno de Estados Unidos deixará o recorde dun incremento da violencia en Iraq, da actitude de desleixo do presidente ante o paso do furacán 'Katrina' polas costas do Golfo de México e os escándalos na Casa Branca que poderían chegar a salpicar a Karl Rove, a súa man de dereita. Esta situación, pese aos avances da economía dos Estados Unidos, colocan a Bush como un dos presidentes da historia do país con menor popularidade, un índice que, ademais, vai caendo continuamente en cada consulta mensual. E é que Bush, a estas alturas, nin sequera conta co apoio dos propios Republicanos –que cheiran xa a debacle– e son xa numerosos os fundamentalistas cristiáns que lle dan as costas despois de seren a súa principal canteira de votos.



## Un ano de catástrofes

O ano 2005 pasará á historia por ser o que maiores catástrofes naturais deixou ao seu paso, entre terribles tremores, furacáns e tormentas tropicais. O tremor de Paquistán foi, sen dúbida, o gran protagonista da crónica de sucesos, con centos de mortos e unhas carencias de infraestrutura que acentuaron aínda máis a sangrante nómina de afectados. En canto a furacáns e tormentas tropicais, agosto resultou especialmente grave. O furacán número once da temporada en alcanzar Estados Unidos arrasou os diques que protexían Nova Orleans do lago Pontchartrain e do río Misisipí.

A desolación na área mídese polo número de mortos, arredor de 1.400, a evacuación de máis de 1,2 millóns de persoas e os danos económicos que se calculan nuns 75.000 millóns de dólares, segundo o Centro Nacional de Furacáns.








## París en chamas

París despertou envolta en chamas. Miles de coches, comercios e centros públicos foron incendiados por grupos de rapaces que co lume amosaban o seu malestar ante a exclusión social e a falta de oportunidades. Nun país que fachendeaba de garantir a integración dos inmigrantes, esta violenta revolta creou unha enorme alarma social, mentres intelectuais e políticos trataban de analizar os acontecementos, protagonizados por cidadáns franceses de orixe magrebí. Aínda hoxe continúa a polémica sobre as raíces dun movemento artellado a ritmo de rap e no que non participaron as mulleres.



## A Igrexa católica sae á rúa

A aprobación da lei que posibilita o matrimonio entre persoas do mesmo sexo foi o detonante que sacou, por vez primeira, os bispos católicos á rúa, incluído o arcebispo de Madrid, o galego monseñor Rouco Varela. A insólita escena volveuse repetir pouco despois cando a Conferencia Episcopal, varias asociacións católicas e o Partido Popular sacaron miles de manifestantes das súas casas para protestar contra a reforma da Lei de Educación, que desbota a relixión como materia avaliable. Fronte a esta actitude, nunca en España se levantaron tantas voces para reclamar a fin do apoio económico do Estado á Igrexa.



## O engano científico

O científico surcoreano Hwang Woo-suk presentouse aos medios de comunicación como o primeiro investigador en conseguir células nai de embrións humanos clonados. O seu descubrimento converteuse na sensación do ano. Pero pouco despois, as cousas comezaron a irlle mal. Primeiro, Hwang debeu abandonar a universidade tras recoñecer que as células utilizadas pertencían a membros do seu equipo. Logo, as acusacións colleron maior calado: un dos seus colaboradores revelou que as investigacións de Hwang eran falsas e que o estudo no que reflectía as súas conclusións fora amañado polo propio científico.



## Rebelión dos alcaldes do PP

O ano 2005 deixounos unha insólita imaxe: os alcaldes do Partido Popular enfrontados á policía tras seren desaloxados pola presidenta do Parlamento galego, Dolores Villarino, nun convulso pleno sobre a política da Consellería de Medio Rural, dirixida por Suárez Canal, do BNG. Os alcaldes protestaban pola suspensión das obras que o Goberno Fraga, nun sprint antes de abandonar a Xunta, lles regalara e que logo Suárez Canal revogou, en parte por considerar que non eran necesarias. Os alcaldes encolerizáronse coa expulsión e aínda hoxe non logran comprender que é o que está pasando en Galicia.



## Memorias do 36

No pasado mes de agosto, o día dezanova, desenterráronse por vez primeira en Galicia os ósos da Guerra Civil. Foi na parroquia de Cortapezas, cerca da vila de Portomarín, onde apareceu o corpo dun dos paseados polo réxime de Franco tras o alzamento de 1936. Tratábase de Severino Rivas Barja, en vida alcalde de Loentia. A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica foi a encargada de realizar os traballos, a petición do fillo do desaparecido, Darío Rivas, que levaba anos tratando de recuperar os restos do seu pai. A asociación desenterrou nesa mesma campaña os corpos de dous represaliados no Vicedo.



## Evo, o triunfo indíxena

Evo Morales converteuse este mes de decembro no primeiro indíxena en acadar a presidencia de Bolivia, un fito sen precedentes que renova o panorama político de América Latina. O seu triunfo estivo lamentablemente marcado en España pola mofa que lle gastaron uns periodistas da COPE facéndose pasar por Zapatero, principal obxecto das inquinas desta emisora episcopal. Porén, Zapatero e Evo non tardarán en coñecerse: será o vindeiro catro de xaneiro cando ZP reciba en Madrid o seu homólogo de Bolivia, país onde os empresarios españois teñen importantes intereses económicos, sobre todo nos xacementos de gas.







### De Nobel a Nobel posible

O Nobel de Literatura 2005, o dramaturgo Harold Pinter, emocionou a boa parte da humanidade co seu discurso de agradecemento, no que amosou unha vez máis a súa habilidade para poñer o dedo na chaga das cuestións políticas: Pinter desmontou a falacia coa que se xustificou a guerra de Iraq e o despotismo dos novos señores do imperio (americano). En Galicia, Xosé Luís Méndez Ferrín converteuse no primeiro escritor galego que conta co apoio explícito da Xunta para conseguir este galardón. O autor de 'Con pólvora e magnolias' xa optaba a el desde hai algúns anos, pero en solitario.



### Barreiro recunca na RAG

Xosé Ramón Barreiro recuncou no ano 2005 como presidente da Real Academia Galega (RAG), unha institución que baixo o seu mandato proseguíu o proceso de renovación iniciado por Fernández del Riego, con éxitos evidentes pola súa banda, como a reforma ortográfica que permitiu achegar dúas normativas até o de agora enfrontadas: a denominada "oficial" e a de "mínimos". Outra das organizacións lingüísticas de maior peso social e mediático do país, a Mesa, perdeu pola contra este ano un dos seus piares históricos: Xosé Manuel Sarille abandonou o activismo para dedicarse por enteiro a súa nova paixón: a litetratura.



### Amenábar faise universal

Alejandro Amenábar fíxose universal co éxito sen precedentes de 'Mar adentro', a película na que desenvolve a historia do tetrapléxico galego Ramón Sampedro á busca dunha morte digna. O filme, protagonizado por un espléndido Javier Bardem, conseguiu o Globo de Ouro e o Óscar á mellor película estranxeira, ao tempo que lanzaba ás canles internacionais unha actriz galega até o de agora encunada en series de televisión: Mabel Rivera. Xunto a ela, outro actor galego saboreou os meles do éxito, Celso Bugallo, e un debutante abriu o camiño da consagración: o compostelán Tamar Novás.



## O ano de Lorenzo Varela

Tras anos de ser candidato, a Academia Galega dedicoulle o 17 de maio deste 2005 a Lorenzo Varela, unha desas voces da poesía que a Guerra Civil truncou e que o exilio foi afogando até case volvela inaudible. Con Lorenzo Varela –nacido accidentalmente na Habana pero educado en Monterroso–, a academia recoñecía o traballo de tantos republicanos galegos que deberon coller o camiño do exilio e reconstruír a súa vida lonxe do país. Múltiples libros e biografías recuperaron deste xeito o perfil e os versos dun escritor que morreu en 1978 coa dor de que ninguén recoñecese a entrega de toda a súa vida á causa da liberdade.



## A incerta Cidade da Cultura

Son millóns e millóns de euros os que a Cidade da Cultura –o macroproxecto que deixou inconcluso Fraga Iribarne– enguliu xa e os que necesita para estar concluído. Este impactante conxunto de edificacións, deseñado polo arquitecto alemán Peter Einsenman, é un dos cabalos de batalla do novo Goberno galego, que optou por ralentizar a adxudicación de construcións para avaliar o gasto e aquilatar proxectos. Polémica desde o seu inicio, a Cidade da Cultura agachou sempre unha incógnita que só agora se contempla abertamente tras o longo ecómplice silencio dos medios: ¿Que vai ter dentro?



## O triunfo de Frida Kahlo

O grande éxito expositivo do ano en Galicia foi o da pintora Frida Kahlo, eixe dunha mostra que a Fundación Caixa Galicia exhibe aínda en Compostela e que non visitará ningunha outra cidade da península. Miles de persoas pasaron xa pola mostra, con días nos que as longas colas fixeron mesmo impracticable o seu acceso. O outro gran protagonista da plástica foi Miguel Fernández-Cid, director do CGAC que a conselleira de Cultura cesou no cargo coa mesma precipitación e malos modais cos que el substituíra hai anos á defenestrada Gloria Moure. No lugar de Fernández-Cid, nomeouse a Manuel Olveira.







### Pallasos ao espido

A pasada edición do Festiclown deixounos en Compostela unha das imaxes que, sen dúbida, se converteron en símbolos do ano: tres dos pallasos participantes posaron espidos na roda de prensa do festival co seu "pintilín" agochado entre as pernas. Para o Festiclown foi a edición da súa consagración, cun éxito de convocatoria nunca visto en anteriores convocatorias, tanto en Compostela como en Pontevedra. A cruz do ano nas ofertas alternativas foi o peche do Teatro Galán tras varios desencontros coa Concellería de Cultura de Santiago e as carencias económicas que os seus impulsores dixeron padecer.



### Tosar e o teatro do ano

Luís Tosar confirmou neste 2005 que é o actor galego do ano e non só porque Cineuropa lle dese o seu galardón de honra, reservado só para os heroes cinematográficos. Tosar, ademais, anunciou o seu regreso ao teatro tras anos de ausencia, e faino interpretando un 'Hamlet' que dirixirá Lino Braxe e que se converterá na maior superproducción da escena galega. A outra gran revelación teatral do ano foi Matarile, que con 'Historia natural' logrou un triunfo histórico de ámbito internacional, coa crítica de Madrid rendida aos pés da súa directora, Ana Vallés, e os festivais máis prestixiosos disputando as súas actuacións.



### Patrimonio galego-portugués

Galicia enteira cruzou os dedos pero non puido ser: a candidatura do Patrimonio Inmaterial galego-portugués para ser recoñecido pola Unesco foi rexeitada. Tras meses de incansable campaña por parte de Ponte nas Ondas –programa de radio que impulsou a estratexia– e de numerosos actos que se desenvolveron en Galicia e no norte de Portugal, a candidatura quedou ás portas. Iso si: o xurado da Unesco recomendou que non desistisen no seu empeño e recomendoulles aos organizadores limpar algúns puntos escuros que aparecían na memoria do proxecto.



## Figuras mediáticas

Coa morte do papa Xoán Paulo II –un dos reis do éxito mediático–, o seu substituto Xosé Ratzinger parece que coñece ben os resortes e actualmente, só uns meses despois de ostentar o cargo máis importante da Igrexa católica, xa se lle coñece como “o Papa dos puchos”, tendo en conta ademais a paixón do prelado polo vestiario e os zapatos, cos que imprentou unha nova liña vaticana. A outra grande figura do ano foi Madonna, resucitada nas pistas de baile cunha campaña de lanzamento escintilante, onde a diva se presenta na plenitude da madurez tanto física como creadora. Iso si: con quentadores da súa época.




## Poetas en Compostela

Compostela ten, desde este ano, a súa propia colección de poetas, unha iniciativa da Concellería de Cultura da capital galega e de El Correo Gallego que, ao longo dos últimos meses, deixou nos quioscos máis de 50.000 exemplares de poesía, unha experiencia única na historia da edición galega. No ámbito literario, foi tamén o ano de Teresa Moure, que arrasou en boa parte dos premios de ensaio e novela e que se alzou na indiscutible raíña do ano. O regreso poético de Méndez Ferrín ou o fenómeno dos blogs –con María Yáñez, actual directora de ‘Vieiros’, en primeira liña– acenderon o panorama.





## Músicos emerxentes

O músico galego Deluxe –Xoel López– deu este ano un xiro á súa carreira e irrompeu nas listas de vendas cun disco –‘Los jóvenes mueren antes de tiempo’– que acadou o éxito dos oíntes e a admiración da crítica. Rosa Cedrón –musa outrora de Luar na Lubre– rompeu rendas e presentouse en solitario, abrindo así unha carreira marcada pola que é, para moitos, unha das voces máis fermosas do folk galego. Outro que se independizou foi o vigués Iván Ferreiro, ex de Los Piratas e agora unha figura emerxente no panorama musical español. E iatención ao último disco de Berroqueto! Estes días do ano chega ás tendas.








## O rostro oculto de Titán

A carreira espacial viviu este ano momentos de gloria europea coa chegada da sonda Huygens á superficie de Titán, o satélite de Saturno que máis esperanzas lles dá aos científicos da existencia de vida extraterrestre. Deste xeito, a sonda europea mandounos con detalle as imaxes máis remotas que un ser humano vira xamais. A China tivo tamén un notable éxito co lanzamento dun novo voo espacial tripulado, o cal lle fai ter esperanzas de emprender nunha viaxe á Lúa. A NASA, pola súa banda, non deu saída da crise dos transbordadores pero, en cambio, viu con sorpresa como seguían funcionando os seus robots en Marte.



## Lume e especulación

Alimentado pola pertinaz seca, o lume arrasou este ano media península Ibérica e deixou imaxes estarrecedoras en Guadalajara ou en Portugal, pero tamén aquí, en Galicia, co aparatoso incendio que devastou o monte Pindo e ameazou a poboación de Carnota, antes vítima da marea negra. Nesa dinámica dilapidadora de recursos, proseguíu a desaforada especulación inmobiliaria, á que tanto a Xunta como o Goberno de Zapatero tratan de poñerlle freo sen moitos resultados de momento.



## O quencemento global

2005 completa a constelación dos anos máis quentes dos que se ten noticia. E o proceso parece que non vai reverter... Máis aínda: espérase que as temperaturas medren até seis graos nos próximos cincuenta anos, o cal crearía o máis devastador cataclismo climático da humanidade. O símbolo da catástrofe é o casco polar, unha masa de xeo que leva milenios acompañando o planeta e que está endelgazando vertixinosamente por mor da suba de temperaturas. O oso branco é unha das especies máis ameazadas polo derretemento, pero non a única... O planeta enteiro está en perigo

Coordinación: A.R. López e S. Noia.  
Deseño: Signum.  
Fotocomposición: Chico Mirás.